

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

A VÍA DA PRATA AIRES D SUR

Exposición
Museo Centro Gaiás
7 Xuñ—4 Set 2022

DOSSIER DE PRENSA

© Castro Prieto, VEGAP, Santiago de Compostela, 2022

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo
21·22

**« Esta noche ha pasado Santiago
su camino de luz en el cielo.
Lo comentan los niños jugando
con el agua de un cauce sereno.
¿Dónde va el peregrino celeste
por el claro infinito sendero?
Va a la aurora que brilla en el fondo
en caballo blanco como el hielo »**

Federico García Lorca

Santiago (Balada ingenua), 25 de xullo de 1918

A VÍA DA PRATA. AIRES DO SUR



Antón Buciños. Montes de Trevinca. Ourense, 2019. Colección particular



Juan Manuel Castro Prieto. Carretera de Cespedosa de Tormes, 1987. Colección particular

Exposición

Museo Centro
Gaiás 3º andar

7 de xuño – 4 de
setembro 2022



ÍNDICE

A exposición	[4]
Contido da exposición	[6]
Artistas	
O Camiño en palabras	
Arquivos e coleccións	
Deseño do espazo expositivo	[10]
A comisaria: Lucía Laín	[10]
Catálogo	[11]
Audiovisual	[11]
Gaiás, Cidade da Cultura	[12]



↑
Carmenchu Alemán.
Festas do Santo
Cristo; Laza.
Ourense. 2016
Colección Particular

A VÍA DA PRATA. AIRES DO SUR

De Sevilla a Santiago a través de 1.000 km e 150 anos de historia da fotografía

Exposición

Museo Centro
Gaiás 3º andar

7 de xuño – 4 de
setembro 2022

Cidade da Cultura
de Galicia. Santiago
de Compostela

A Vía da Prata. Aires do Sur continúa a serie expositiva iniciada por *O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra* (Cidade da Cultura, outubro 2021- abril 2022) que se adentra nas rutas xacobeas a través da ollada fotográfica.

Esta segunda mostra, comisariada pola historiadora, guionista e documentalista Lucía Laín, reflexiona sobre a diversidade e a interrelación entre tradicións e culturas, sobre a soidade, a distancia e o paso do tempo, cunha ollada que vai desde o presente cara ao pasado.

Camiño ancho, vertebrador, camiño de camiños, a Vía da Prata encontra no porto universal de Sevilla o seu punto de partida cara ás terras do norte. Un percorrido a través de 1.000 quilómetros e 150 anos de historia da fotografía para a redescuberta do patrimonio monumental e histórico dunha das rutas que mellor encarna a riqueza e a diversidade dos itinerarios xacobeos.



↑

Jean Laurent. La Torre del Oro. Sevilla, 1860-1886. Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid, Ministerio de Cultura y Deporte

Roberto de la Torre. El hombre musgo. Béjar. Salamanca. Colección particular

Autor descoñecido. Mérida. Badajoz, ca. 1920. Colección Roisin / IEFC

Un relato tecido a través de 140 imaxes de 40 fotógrafos clásicos e contemporáneos que nos sitúa, intencionadamente, no punto de vista do peregrino

A Vía da Prata. Aires do Sur conforma un relato único no que obras de grandes fotógrafos clásicos —Nicolás Muller, Jean Laurent, António Passaporte, Pacheco, José Suárez, Otto Wunderlich ou Martínez de Hebert, entre outros—, se suceden nun interesante diálogo coa mirada actual de fotógrafos e fotógrafas do noso presente. Os premios nacionais de fotografía Cristina García Roderó e Juan Manuel Castro Prieto, e nomes como os de Carmenchu Alemán, Brais Lorenzo, Anna Turbau, Luis Vioque, Manuel G. Vicente, Tere Fernández, Antón Bucifios, Miguel Muñiz ou Javier Berasaluce, son tan só algúns exemplos.

Tirando do fío por novos camiños e fondos documentais, este novo proxecto expositivo e editorial comisariado por Lucía Laín volve internarse nunha singular viaxe que nos sitúa, de maneira intencionada, no punto de vista do peregrino.

A mostra ofrécenos a oportunidade de construír unha memoria colectiva do Camiño accesible a todas e todos, e de aproximarnos á riqueza paisaxística, monumental e cultural deste itinerario histórico para facernos novamente conscientes do seu valor patrimonial e redescubrilo cos ollos de quen o observa por primeira vez.

Contido da exposición



↑
Andrés Marín.
Zangarrón de
Montamarta. Colección
particular

A exposición componse dunha selección de 140 fotografías do século XIX ao XXI que percorren o camiño de Sevilla a Santiago de Compostela da man de 40 figuras consagradas e emerxentes da arte fotográfica. Trátase dun diálogo visual entre fotografía histórica e contemporánea para movernos á reflexión sobre o tránsito, sobre canto cambia e permanece ao longo do tempo.

Artistas

Entre os estudos e artistas que fotografaron os lugares, os camiños e habitantes da Vía da Prata desde o século XIX, e que forman xa parte da nosa memoria, atópanse os seguintes:

Galicia

- José Suárez
- Ramón Parada Justel

España

- Enrique Guinea
- Juan Miguel Pando Barrero
- Luis Agromayor
- Manuel Cuenca
- Martínez de Hebert
- Onieva
- Pacheco
- Roberto Arranz



Europa

- António Passaporte (Portugal)
- Aurélio da Paz dos Reis (Portugal)
- J. Lacoste (Francia)
- Jean Pujade (Francia)
- Jean Laurent (Francia)
- Nicolás Muller (Hungría)
- Otto Wunderlich (Alemaña)

Xunto ás súas imaxes, a selección de pezas outorga tamén un papel destacado ao traballo de fotógrafas e fotógrafos contemporáneos que continúan a construción dese relato. A través das súas lentes podemos afondar na realidade de pequenas localidades de Andalucía, Extremadura, Castela e León e Galicia, algunhas aínda descoñecidas e outras cada vez máis transitadas, e captar as miradas e costumes das súas xentes.

- Anna Turbau
- Andrés Martín
- Atín Aya
- Carmenchu Alemán
- Cristina García Rodero
- Fernando Manso
- Javier Berasaluce
- José Manuel Navia
- Juan Manuel Castro Prieto
- Juan Manuel Báez Mezquita
- Laura Martínez Lombardía
- Luis Vioque
- M. Castro Baro
- Vicente López Tofiño
- Yorgos Karailias

Galicia

- Antón Buciños (Ourense)
- Brais Lorenzo (Ourense)
- Iñaki Matilla (Vigo)
- Luis Otero (Santiago de Compostela)
- Manuel G. Vicente (Vigo)
- Miguel Muñiz (Ourense)
- Roberto de la Torre (Vigo)
- Tere Fernández (Ourense)

↑

Jean Laurent
Anfiteatro de
Itálica. Sevilla 1860-
1886. Instituto del
Patrimonio Cultural
de España, Madrid,
Ministerio de Cultura
y Deporte

Carmenchu Alemán.
Entroido. Laza.
Ourense. 2016
Colección Particular

Fernando Manso.
Mosteiro de San
Lorenzo de Carboeiro.
Silleda (Pontevedra),
febreiro de 2019.
Colección particular

Nicolás Muller.
Santiago de
Compostela. 1947-
1958. Archivo Regional
de la Comunidad
de Madrid. (Fondo
Nicolás Muller)



O camiño en palabras

Como unha forma máis de contribuír á difusión do patrimonio do Camiño, as fotografías combínanse con textos literarios de grandes escritores e escritoras como Manuel Curros Enríquez, Vicente Risco, Sofía Casanova, e tamén outros que desde a distancia verteron o seu sentir e pensamento ao longo das páxinas. Podemos citar os *Seis poemas gallegos* ou *Santiago (balada ingenua)* de Federico García Lorca ou "Esta luz de Sevilla..." de Antonio Machado.

Arquivos e coleccións

A exposición desta selección de imaxes é posible grazas á colaboración de entidades, asociacións, colectivos e particulares implicados na recuperación do patrimonio fotográfico local como:

- Archivo Atín Aya
- Archivo General de la Administración, Fondo Patronato Nacional de Turismo. Ministerio de Cultura y Deporte.
- Archivo Histórico Ferroviario del Museo del Ferrocarril de Madrid - Fundación de los Ferrocarriles Españoles
- Archivo Municipal de Vitoria
- Archivo Regional de la Comunidad de Madrid (Fondo Nicolás Muller)
- Arquivo Fotográfico Pacheco. Concello de Vigo
- Arquivo José Suárez
- Arxiu Nacional de Catalunya
- Biblioteca Nacional de España
- Centre Excursionista de Catalunya
- Centro Portugués de Fotografía
- Consello da Cultura Galega. Fondo Anna Turbau
- Fundació Institut Amatller d'Art Hispànic
- Institut d'Estudis Fotogràfics de Catalunya
- Instituto del Patrimonio Cultural de España, Ministerio de Cultura y Deporte
- Museo Arqueológico Provincial de Ourense



A escolma deste proxecto pon en valor o traballo de museos, arquivos e coleccionistas na conservación e transmisión do patrimonio vivo das rutas xacobeas á vez que reivindica a fotografía documental como unha ferramenta contra a banalización visual e unha chamada a contemplar devagar a realidade, coa ollada curiosa e serena do camiñante.

A poesía acompaña e amplifica o poder evocador da imaxe para reflexionar sobre o paso do tempo, a distancia, a soidade e as relacións humanas

←

Carmenhu Alemán. Las Purificás; Monroy, Cáceres. Colección Particular

J. Pujade. Monxas no patio de Santa Teresa. Salamanca, 1882. Biblioteca Nacional de España

Fernando Manso. Mosteiro de Santa María a Real de Oseira. Febreiro de 2019. Colección particular

←

Nicolás Muller. Sacerdote. Benavente (Zamora), 1950-1967. Archivo Regional de la Comunidad de Madrid. (Fondo Nicolás Muller)

Enrique Guinea. Peregrino. Santiago de Compostela, ca. 1925. Archivo Municipal de Vitoria

↑

Antón Bucíños. Fronteira Ourense -León, 2019. Colección particular

Deseño do espazo expositivo



O percorrido da exposición segue a sucesión xeográfica dos pobos e cidades que habitan o Camiño de Sevilla a Santiago de Compostela, deténdose nas paisaxes, nos monumentos e escenas cotiás inmortalizadas desde o século XIX ata os nosos días nunha secuencia de imaxes que procuran corresponderse coa mirada curiosa de quen fai o Camiño.

Nesta senda visual, as fotografías de distintos séculos dialogan entre si para facernos reflexionar sobre o paso do tempo, a distancia, a soidade ou o as relacións humanas.



Foto: Keila Pousa


A comisaria: Lucía Laín

Historiadora, comisaria, guionista e documentalista, a súa paixón pola historia da fotografía remóntase aos anos nos que traballa como coordinadora de desenvolvemento e contidos en longametraxes documentais. Deses anos son as súas primeiras incursións nos fondos fílmicos, fotográficos e hemerográficos. Na actualidade é unha experimentada documentalista que chegou a comisariar máis de doce exposicións: *Nocturnas*, *mientras la ciudad duerme*, *En la cinta del tiempo*, *El Rostro de las Letras*, *Santos Yubero*, *O Camiño Portugués*. *Lembranza de mar e pedra*, ou *La Memoria del tiempo* (con Publio López Mondéjar) e a documentar producións audiovisuais como a longametraxe *El honor de las Injurias* (Carlos García Alix), *Morente sueña la Alhambra* (José Sánchez Montes), *Granados. El último romántico* e *Nuria Espert. Una mujer de teatro* (Arantxa Aguirre) ou *Albéniz. El color de la música* e *Marañón en Toledo*, de José Luis López Linares, e na escritura de guións como *Mariano Fortuny, el universo en una caja*.

Catálogo

A exposición toma forma impresa nun catálogo que compila as imaxes que conforman a mostra acompañadas das citas literarias que recollen o interese que o Camiño espertou en grandes figuras das letras galegas e españolas. O volume inclúe ademais un texto asinado pola comisaria da exposición, Lucía Laín, no que comparte o xerme e desenvolvemento deste proxecto.

Con deseño do laboratorio gráfico NUMAX, este catálogo conta cunha edición bilingüe en galego e castelán, ademais dunha separata dos textos en inglés. A tiraxe inicial prevista é de 1.000 exemplares.



Audiovisual

A exposición complétase coa peza audiovisual *A travesía dun verso*, producida de maneira exclusiva para esta mostra polo Laboratorio NUMAX con guión de Lucía Laín.

Nesta curtametraxe, que pode verse na sala do Museo Centro Gaiás e tamén en liña, a viaxe de Sevilla a Santiago evócase nun carrusel de imaxes e música que nos fai avanzar a través do ecos da vida capturada nas fotografías. En cada etapa, detémonos nos detalles dunha paisaxe, dun rostro, acompañados polos cantos e cancións tradicionais do folclore de Galicia, Estremadura e Castela e León —recuperadas de gravacións de vinilos antigos— e da guitarra flamenca de orixes galegas de Marcos Teira, que une de maneira definitiva o norte e o sur da Vía da Prata.



Gaiás, Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta "cidade" que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.



Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC),

que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

O Edificio Fontán. Converte a Cidade da Cultura de Galicia nunha referencia en investigación e colaboración internunversitaria e en estudos do patrimonio, acollendo o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais, o Instituto de Ciencias

do Patrimonio (dependente do CSIC) e servizos que dan apoio ás tres universidades galegas.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

Créditos

ORGANIZA

XUNTA DE GALICIA

Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Conselleiro

Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico

Manuel Vila López

Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Directora Xerente

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de acción cultural

María Pereira Otero

Director de oficina técnica

Benito García Caramés

Director económico financeiro

Santiago González Prado

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

Abanca

Afundación

Inditex

Inveravante

Naturgy

Fundación Barrié

Banco Sabadell

Coren

Campo

Gadisa

Grupo Nosa-Terra 21

Astilleros Barreras

R Cable y Telecomunicaciones

Galicia

Monbus

EXPOSICIÓN

COMISARIADO

Lucía Laín

DESEÑO GRÁFICO E AUDIOVISUAIS

Laboratorio Numax

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN

**Fundación Cidade da Cultura de
Galicia**

DESEÑO DE MONTAXE

**Fundación Cidade da Cultura de
Galicia**

COMUNICACIÓN E MARKETING

**Fundación Cidade da Cultura de
Galicia**

DIDÁCTICA-MEDIACIÓN

**Fundación Cidade da Cultura de
Galicia**

COLABORACIÓN

ÁREA TIC (IMAXE / SON)

Carlos Pedreira Novo

MONTAXE

Sacaferro

OHLA INGESAN

Daexga

COPIAS FOTOGRÁFICAS

Authspirit

**(David Vicente / Juan Manuel Castro
Prieto)**

Imprimeverde

Control-p

Movolcolor

ENMARCADO

Asorey

TRANSPORTE

Daexga

SEGUROS

Hiscox



A
VÍA DA
PRATA
AIRES
DO
SUR

Exposición
Museo Centro Gaiás
7 Xuñ—4 Set 2022





A
VÍA DA
PRATA
AIRES
DO
SUR

Exposición
Museo Centro Gaiás
7 Xuñ—4 Set 2022